

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, DOMINGO, 26 DE XULLO DE 2026

PRESIDENCIA

LEIRO (Ourense)

14,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, participará na X Romería "Abanca Internacional".

TURISMO DE GALICIA

A POBRA DE TRIVES (Ourense)

13,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asistirá á entrega de premios do *XVII Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas*.

BAIONA (Pontevedra)

19,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asistirá á entrega de premios do *51º Trofeo Conde de Gondomar – Gran Premio Zelnova Zeltia*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

14,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, asistirá á entrega de premios do *III Torneo Apóstolo Xacobeo de Golf*, que conta co apoio da Xunta no marco do Plan de Patrocinios do Xacobeo 2027.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

A ARNOIA (Ourense)

14,00 h.- O delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá ao encontro anual que desenvolve a Asociación de Mulleres Rurais da Arnoia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

MORAÑA (Pontevedra)

13,00 h.- Os conselleiros de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, e de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, acompañados do delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirán á LVII Festa do Carneiro ao espeto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

A ESTRADA (Pontevedra)

13,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, asistirá á festa na honra da Nosa Señora do Amparo.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

19,45 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, asistirá á 47ª edición do Día do Traxe Galego.

CONSELLERÍA DO MAR

VIVEIRO (Lugo)

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asistirá ás Festas Patronais de Celeiro e participará na procesión marítima.